

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15009071	CPI Castro Baxoi	Miño	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación física	5º Pri.	2	70

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	19
4.2. Materiais e recursos didácticos	20
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	21
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	22
6. Medidas de atención á diversidade	24
7.1. Concreción dos elementos transversais	25
7.2. Actividades complementarias	25
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	25
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	27
9. Outros apartados	27

## 1. Introducción

### 1.1. DESCRICIÓN E ANÁLISE DA CONTORNA

#### ENTORNO FÍSICO

O noso Centro Escolar está situado no núcleo urbano de Miño, preto dun entorno natural moi rico e singular, as marismas do río Baxoi, e moi cerca das praias da Ribeira e da Praia Grande de Miño. Recibe alumnado dos concellos de Miño e Vilarmaior, que forman parte do Conxunto do Eume, xunto cos concellos de Cabanas, Monfero e Pontedeume dentro da bisbarra natural que forma o Golfo Ártabro.

Miño, situado na costa, evoluciona de maneira positiva no seu crecemento, experimentando pequenos altos e baixos en relación coa conxuntura do momento (crise económica, emigración, etc.). Na actualidade funciona como núcleo de veraneo para o Conxunto Ártabro, igual que outros da zona. En cambio Vilarmaior, situado no interior, sofre reducións moi drásticas no número de habitantes, a partir dos anos 40, como consecuencia dos desprazamentos da poboación na busca de mellores oportunidades e dun aumento do nivel de vida. É un concello menor polo seu escaso peso demográfico.

#### CONCELLO DE MIÑO

##### Aspectos físicos

Miño está situado na desembocadura da Ría de Betanzos. Limita ó Norte co concello de Pontedeume, ó sur cos concellos de Paderne e Irixoa, ó leste co de Vilarmaior e ó oeste coa citada ría.

Cunha extensión de 34 km<sup>2</sup> ten unha densidade de poboación de 187 hab./km<sup>2</sup> e un crecemento vexetativo negativo de -6 (datos dos anos 2018 e 2017, respectivamente).

Está atravesado pola variante da N-VI Betanzos-Ferrol, pola autoestrada A-9 e pola liña de ferrocarril Betanzos-Ferrol. Pertence á bisbarra das Mariñas. Báñao a ría de Ares e Betanzos que lle proporcionan un clima suave aínda nas zonas situadas máis lonxe da costa.

Está distribuído territorialmente en oito parroquias: Bemantes, Calobre, Carantoña, Castro, Leiro, Miño, Perbes e S. Xoan de Vilanova.

O relevo é irregular e de pouca altura, a costa é recortada. Na desembocadura do Lambre na Ponte do Porco hai unha pequena ría que forma a praia da Alameda, a continuación da praia Grande. Logo, a costa é rochosa con calas areosas como Andaio e S. Pedro de Perbes. En fronte, unhas pequenas illas.

Os ríos máis importantes son o Lambre e o Baxoi, de pouco caudal pero fermosos; cruzados por dúas pontes famosas construídas polos Andrade. Unha deu fama ó lugar de Ponte do Porco, aínda que a primitiva atópase 1 km. máis arriba e hoxe chámase Ponte Lambre, de estilo oxival cun só arco. A outra cruza o Baxoi cerca da desviación que sae cara a Bañobre, o carón da desviación Betanzos-Ferrol da estrada nacional VI. Esta desemboca nunha zona pantanosa, as marismas.

O clima, de tipo oceánico húmido caracterízase polas suaves temperaturas e choivas abundantes. A temperatura media oscila entre os 13 e os 14<sup>º</sup> C. As precipitacións son de entre 900 e 1000 mm anuais, repartidas ó longo de todo o ano cun máximo en outono e inverno e un mínimo no verán.

Os montes son de pouca altura, o solo é de tipo cambisol ou terra parda, característicos da Galicia do Norte, de baixa fertilidade e un aproveitamento forestal -algún día con vexetación autóctona de carballos, hoxe substituídos de piñeiros e eucaliptos - e gandeiro, case exclusivo.

##### Aspectos socioeconómicos

A economía era, tradicionalmente, de carácter agrario, gandeiro e forestal. Estas actividades económicas foron perdendo paulatinamente importancia en favor do sector servizos: turismo, sobre todo, e comercio.

Hoxe en día Miño conta con 63 afiliacións en alta laboral ao sector Gandeiro e pesqueiro. A industria forestal conta con 1200 ha. dedicadas a monte para a produción de madeira, o que significa o 36 % da superficie total do municipio. Outros sectores como o pesqueiro carecen de relevancia no conxunto da economía local. A actividade industrial non é moi importante. Dedicáanse á actividade industrial e á construción arredor dun 25% da poboación.

Miño conta cun número importante de empresas (487), en relación á poboación, pero a maioría son empresarios autónomos (352). Só 7 empresas contan con máis de 10 asalariados, e 2 contan con máis de 20.

Un aspecto a ter en conta é a crecente importancia da zona como centro de veraneo, o que ocasiona un aumento importante de poboación flotante no período estival, un notable desenvolvemento de complexos hostaleiros e zonas residenciais que lle imprimen un carácter urbano ó municipio.

O paro rexistrado, preto do 10%, vincúlase, sobre todo, ao sector servizos.

### 1.2. O CENTRO ESCOLAR

Foi construído en dúas fases, a primeira -dedicada practicamente en toda a súa totalidade a Educación Primaria- foi inaugurada no curso 1995-96, e a segunda, dedicada a ESO no 1999-2000. Está situado no lugar de Telle e a súa

construción é moderna e pouco funcional.

Na actualidade dispón de 6 aulas dedicadas a Educación Infantil, 13 a Educación Primaria, 10 a Educación Secundaria, 3 para as docentes de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, 1 de Música, 1 de Informática, e ademais dispoñemos da Biblioteca, o Laboratorio, o Ximnasio e o espazo do comedor. A biblioteca vaise empregar en parte do horario como aula de desdobre. O resto de espazos son para os departamentos didácticos, a parte de Dirección, a sala de profesores e a sala COVID. Ao longo deste curso recuperaremos o espazo que está a ser empregado como comedor pois estase a levar a cabo a adaptación dun novo espazo para usalo como comedor.

O alumnado procede dos concellos de Miño e de Vilarmaior (das parroquias de Vilamateo, Güimil, O Tres e Torres). Na área de influencia deste Centro hai dous CEIP incompletos nos que se escolarizan alumnos de Educación Infantil e Primaria, os de Bemantes no Concello de Miño e o de Torres no de Vilarmaior. Os alumnos destes centros pasan a ser alumnos deste CPI no momento no que rematan o 1º Ciclo de Educación Primaria. O CPI Castro Baxoi está integrado na zona educativa de Betanzos e escolariza alumnos de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

Dentro da área á que corresponde o centro, atópase o Centro Fogar María Inmaculada de Bañobre do cal recibimos estudantes de diferentes idades e en diferentes momentos do curso escolar dado o movemento que hai neste tipo de centros.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, practicando regularmente actividades físicas e deportivas e adoptando comportamentos que potencien a saúde física, mental e social, así como medidas de responsabilidade individual e colectiva durante a práctica motriz para interiorizar e integrar hábitos de actividade física sistemática que contribúan ao benestar.			1-2-5	1	2-5		3	
OBX2 - Adaptar os elementos propios do esquema corporal, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e as destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións, para dar resposta ás demandas de proxectos motores e de prácticas motrices con distintas finalidades en contextos da vida diaria.			1	3	4-5			
OBX3 - Desenvolver procesos de autorregulación e interacción no marco da práctica motriz, con actitude emprática e inclusiva, facendo uso de habilidades sociais e actitudes de cooperación, respecto, traballo en equipo e deportividade, con independencia das diferenzas etnoculturais, sociais, de xénero e de habilidade dos participantes, para contribuír á convivencia social e ao compromiso ético nos diferentes espazos en que se participa.	1-5				1-3-5	2-3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Recoñecer e practicar diferentes manifestacións lúdicas, físico-deportivas e artístico-expresivas propias da cultura motriz, valorando a súa influencia e as súas achegas estéticas e creativas á cultura tradicional e contemporánea, para integralas nas situacións motrices que se utilizan regularmente na vida cotiá.		3				3		1-2-3-4
OBX5 - Valorar diferentes medios naturais e urbanos como contextos de práctica motriz, interactuando con eles, comprendendo a importancia da súa conservación desde un enfoque sustentable e adoptando medidas de responsabilidade individual durante a práctica de xogos e actividades físico-deportivas, para realizar unha práctica eficiente e respectuosa coa contorna e participar no seu coidado e mellora.			5			2-4	1-3	

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	SAÚDE E PRIMEIROS AUXILIOS	Unidade didáctica dedicada aspectos relacionados coa alimentación, hixiene postural e a práctica responsable e segura da educación (actividade) física. Además, trataranse aspectos básicos dos primeiros auxilios relacionados co protocolo PAS, os atragantamentos e lesións menores.	20	16	X		
2	POÑÉMONOS EN FORMA	Unidade didáctica dedicada aspectos relacionados ao traballo das capacidades físicas básicas e a valoración das mesmas no alumnado a través do protocolo DAFIS. Traballaremos a forza, a través da iniciación ao Judo	15	12	X		
3	EXPRESIÓN CORPORAL	Nesta unidade traballaremos a expresión corporal e os malabares.	15	10		X	
4	DEPORTE PARA TODOS	Achegaremos ao alumnado a diferentes especialidades deportivas específicas de persoas con discapacidade como o Goalball o a Boccia.	25	10		X	
5	PATINAXE	Remataremos o curso cunha unidade didáctica relacionada co perfeccionamento	25	22			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	PATINAXE	do patinaxe a través de xogos e a iniciación deportiva ao hockey.	25	22			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	SAÚDE E PRIMEIROS AUXILIOS	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria.	Disfrutar da práctica e aumentar os desprazamentos activos.	TI	100
CA1.2 - Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Adquirir hábitos hixiénicos: lavar as mans e a cara ao rematar a sesión e mudar a camiseta.		
CA1.4 - Adquirir hábitos de vida saudables (alimentación equilibrada, hidratación adecuada e actividade física regular) e convertelos en algo perdurable ao longo de toda a vida.	Traer unha botella de auga e merenda saudable e realizar recreos activos.		
CA2.1 - Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria.	Valorar a influencia do exercicio físico no noso estado de ánimo.		
CA2.2 - Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Realizar quecementos e volta á calma e ser capaz de relaxarse ao rematar a sesión.		
CA2.3 - Adoptar medidas de seguridade antes, durante e despois da práctica de actividade física, aplicando actuacións básicas de primeiros auxilios, recoñecendo os contextos de risco e actuando con precaución ante eles.	Saber implemantar o protocolo PAS e a maniobra Heimlich		
CA2.6 - Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva.	Participar en xogos e actividades cun bo comportamento para cos compañeiros/as adecuado.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Identificar e abordar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia, adoptando posturas de rexeitamento á violencia, á discriminación e aos estereotipos de xénero e evitando activamente a súa reprodución.	Aceptar os compañeiros/as de grupo que toquen e competir de maneira correcta contr outros/as.		
CA5.1 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido.	Traballar en equipo e valorar o conseguido entre todos/as.		
CA6.1 - Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria.	Valorar a influencia do exercicio físico no noso estado de ánimo.		
CA6.2 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas.	Saber moverse y actuar/jugar en función da situación e actuación do rival.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física:</li> <li>- Efectos físicos beneficiosos do estilo de vida activo.</li> <li>- Impacto dos alimentos ultraprocesados e das bebidas pouco saudables.</li> <li>- Educación postural en accións motrices específicas.</li> <li>- Responsabilidade persoal no coidado do corpo.</li> <li>- Saúde social:</li> <li>- Aproximación aos efectos dos hábitos non saudables e influencia na práctica da actividade física.</li> <li>- Estereotipos corporais, de xénero e competencia motriz.</li> <li>- Saúde mental:</li> <li>- Efectos psicolóxicos beneficiosos do estilo de vida activo.</li> <li>- Hábitos autónomos de hixiene corporal e postural en accións cotiás.</li> <li>- Uso de ferramentas ou plataformas dixitais.</li> <li>- Actuacións básicas de primeiros auxilios ante accidentes e lesións durante a práctica da actividade física. Posición lateral de seguridade. Conduta PAS (protexer, avisar, socorrer).</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Autonomía e autoconfianza: aumento da autonomía persoal, mellora e afianzamento da confianza en si mesmo e nos demais durante a práctica motriz.</li> <li>- Concepto de fairplay ou xogo limpo.</li> <li>- Usos comunicativos da corporalidade: comunicación de sensacións, sentimentos, emocións e ideas complexas.</li> <li>- Construción e reutilización de materiais para a práctica motriz, fomentando a sensibilización sobre a xeración de residuos.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	POÑÉMONOS EN FORMA	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria.	Disfrutar práctica deportiva e aumentar os desprazamentos activos	TI	100
CA1.2 - Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Realizar quecementos e voltas á calma e ser capaz de relaxarse ao rematar a sesión.		
CA1.4 - Adquirir hábitos de vida saudables (alimentación equilibrada, hidratación adecuada e actividade física regular) e convertelos en algo perdurable ao longo de toda a vida.	Traer unha botella de auga e merenda saudable e realizar recreos activos.		
CA1.5 - Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa e facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices diversas transferibles ao seu espazo vivencial.	Controlar o corpo e as súas partes independentemente para resolver situacións motrices en xogos ou tarefas.		
CA2.1 - Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria.	Disfrutar práctica deportiva e aumentar os desprazamentos activos		
CA2.2 - Integrar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, relaxación e hixiene na práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Realizar quecementos e voltas á calma e ser capaz de relaxarse ao rematar a sesión.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas.	Saber moverse e actuar/xogar en función do contexto e as acción dos compañeiros/as e rivais.		
CA2.6 - Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva.	Participar en xogos e actividades cun comportamento axeitado para cos compañeiros/as.		
CA3.3 - Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa e facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices diversas transferibles ao seu espazo vivencial.	Controlar o corpo e as súas partes independentemente para resolver situacións motrices en xogos ou tarefas.		
CA4.2 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas.	Saber moverse e actuar/xogar en función do contexto e as acción dos compañeiros/as e rivais.		
CA4.3 - Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva.	Participar en xogos e actividades cun comportamento axeitado para cos compañeiros/as.		
CA4.5 - Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade, xa sexa de xénero, afectivo-sexual, cultural, de orixe nacional, étnica, socioeconómica ou de competencia motriz, e mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos, ás actuacións discriminatorias e á violencia, con especial fincapé no fomento da igualdade de xénero.	Participar en xogos e actividades resolvendo de xeito pacífico e axeitado os posibles conflitos cos compañeiros/as.		
CA4.6 - Valorar o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente os estereotipos de xénero ou capacidade e os comportamentos sexistas que ás veces suceden no seu contexto, rexeitándoos e adoptando actitudes que eviten a súa reprodución no futuro.	Participar nos xogos ou tarefas sen importar con quen te toque ir no equipo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Participar en actividades de carácter motor, desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva.	Esforzar e buscar mellorar nas distintas actividades e propostas da clase		
CA6.1 - Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria.	Disfrutar práctica deportiva e aumentar os desprazamentos activos.		
CA6.2 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas.	Saber moverse e actuar/xogar en función do contexto e as accións dos compañeiros/as e rivais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física:</li> <li>- Efectos físicos beneficiosos do estilo de vida activo.</li> <li>- Educación postural en accións motrices específicas.</li> <li>- Responsabilidade persoal no coidado do corpo.</li> <li>- Saúde social:</li> <li>- Efectos sociais beneficiosos do estilo de vida activo.</li> <li>- Deporte profesional: dimensión social.</li> <li>- Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas.</li> <li>- Saúde mental:</li> <li>- Efectos psicolóxicos beneficiosos do estilo de vida activo.</li> <li>- Consolidación e axuste realista do autoconcepto tendo en conta a perspectiva de xénero.</li> <li>- Respecto e aceptación do propio corpo e do aspecto corporal dos demais.</li> <li>- Usos e finalidades: catárticos, lúdico-recreativos, competitivos e agonísticos.</li> <li>- Utilización adecuada e coidado do material, espazos e instalacións na práctica da actividade física.</li> <li>- Hábitos autónomos de hixiene corporal e postural en accións cotiás.</li> <li>- Toma de decisións:</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Adecuación de accións para o axuste espazo-temporal na interacción cos compañeiros en situacións cooperativas.</li> <li>- Selección de zonas de envío do móbil desde onde sexa difícil devolvelo, en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil.</li> <li>- Elección adecuada das habilidades motrices en situacións de oposición de contacto.</li> <li>- Esquema corporal:</li> <li>- Equilibrio estático e dinámico en situacións complexas ou superficies inestables.</li> <li>- Autonomía e autoconfianza: aumento da autonomía persoal, mellora e afianzamento da confianza en si mesmo e nos demais durante a práctica motriz.</li> <li>- Concepto de fairplay ou xogo limpo.</li> <li>- Usos comunicativos da corporalidade: comunicación de sensacións, sentimentos, emocións e ideas complexas.</li> <li>- Construción e reutilización de materiais para a práctica motriz, fomentando a sensibilización sobre a xeración de residuos.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	EXPRESIÓN CORPORAL	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria.	Desfrutar da práctica física sendo consciente dos seus beneficios e aumentar os desprazamentos activos.	TI	100
CA1.3 - Identificar e abordar condutas vinculadas ao ámbito corporal, á actividade física e ao deporte que afecten negativamente a saúde e a convivencia, adoptando posturas de rexeitamento á violencia, á discriminación e aos estereotipos de xénero e evitando activamente a súa reprodución.	Aceptar os compañeiros/as de grupo que toquen e competir de xeito correcto contra outros/as.		
CA1.6 - Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade, xa sexa de xénero, afectivo-sexual, cultural, de orixe nacional, étnica, socioeconómica ou de competencia motriz, e mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos, ás actuacións discriminatorias e á violencia, con especial fincapé no fomento da igualdade de xénero.	Participar en xogos e actividades cun bo comportamento para cos compañeiros/as adecuado.		
CA2.1 - Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria.	Desfrutar da práctica física sendo consciente dos seus beneficios e aumentar os desprazamentos activos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido.	Traballar en grupo de xeito ordeado e organizado dacordo a un obxectivo/s preestablecido/s.		
CA3.1 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido.	Traballar en grupo de xeito ordeado e organizado dacordo a un obxectivo/s preestablecido/s.		
CA3.4 - Reproducir e crear composicións con ou sen soporte musical e comunicar diferentes sensacións, emocións e ideas, de forma estética e creativa, desde o uso dos recursos rítmicos e expresivos da motricidade.	Crear e exporner coreografías sinxelas cun compoñente estético e/ou expresivo.		
CA4.5 - Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade, xa sexa de xénero, afectivo-sexual, cultural, de orixe nacional, étnica, socioeconómica ou de competencia motriz, e mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos, ás actuacións discriminatorias e á violencia, con especial fincapé no fomento da igualdade de xénero.	Participar en xogos e actividades cun bo comportamento para cos compañeiros/as adecuado.		
CA5.1 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, definindo metas, secuenciando accións, introducindo se é preciso cambios durante o proceso, xerando producións motrices de calidade e valorando o grao de axuste ao proceso seguido e ao resultado obtido.	Traballar en grupo de xeito ordeado e organizado dacordo a un obxectivo/s preestablecido/s.		
CA6.1 - Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria.	Desfrutar da práctica física sendo consciente dos seus beneficios e aumentar os desprazamentos activos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física:</li> <li>- Educación postural en accións motrices específicas.</li> <li>- Responsabilidade persoal no coidado do corpo.</li> <li>- Saúde social:</li> <li>- Estereotipos corporais, de xénero e competencia motriz.</li> <li>- Usos e finalidades: catárticos, lúdico-recreativos, competitivos e agonísticos.</li> <li>- Utilización adecuada e coidado do material, espazos e instalacións na práctica da actividade física.</li> </ul>

## Contidos

- Hábitos autónomos de hixiene corporal e postural en accións cotiás.
- Planificación e autorregulación de proxectos motores: seguimento e valoración durante o proceso e o resultado.
- Toma de decisións:
- Esquema corporal:
- Estruturación temporal e espazo-temporal, percepción de duracións, de velocidade, de intervalos, de estruturas e de ritmo.
- Dominio e control motor en situacións complexas e descoñecidas.
- Xestión emocional: autoestima, ansiedade e situacións motrices. Estratexias de afrontamento e xestión.
- Concepto de fairplay ou xogo limpo.
- Usos comunicativos da corporalidade: comunicación de sensacións, sentimentos, emocións e ideas complexas.
- Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter expresivo.
- Construción e reutilización de materiais para a práctica motriz, fomentando a sensibilización sobre a xeración de residuos.

UD	Título da UD	Duración
4	DEPORTE PARA TODOS	10

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria.	Desfrutar da práctica física sendo consciente dos seus beneficios e aumentar os desprazamentos activos.	TI	100
CA1.6 - Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade, xa sexa de xénero, afectivo-sexual, cultural, de orixe nacional, étnica, socioeconómica ou de competencia motriz, e mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos, ás actuacións discriminatorias e á violencia, con especial fincapé no fomento da igualdade de xénero.	Participar en xogos e actividades cun bo comportamento para cos compañeiros/as adecuado.		
CA1.7 - Valorar o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente os estereotipos de xénero ou capacidade e os comportamentos sexistas que ás veces suceden no seu contexto, rexeitándoos e adoptando actitudes que eviten a súa reprodución no futuro.	Participar en xogos e actividades cun bo comportamento para cos compañeiros/as independentemente das súas capacidades e xénero.		
CA2.1 - Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria.	Desfrutar da práctica física sendo consciente dos seus beneficios e aumentar os desprazamentos activos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación.	Saber moverse e actuar/xogar en función do contexto e as acción dos compañeiros/as e rivais.		
CA3.5 - Adaptar as accións motrices á incerteza propia do medio natural e urbano en contextos terrestres ou acuáticos de forma eficiente e segura, valorando as súas posibilidades para a práctica de actividade física e actuando desde unha perspectiva ecosostible da contorna e comunitaria.	Adaptar o desprazamento ao medio e circunstancias		
CA4.2 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas.	Saber moverse e actuar/xogar en función do contexto e as acción dos compañeiros/as e rivais.		
CA4.3 - Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva.	Participar en xogos e actividades cun comportamento axeitado para cos compañeiros/as.		
CA4.4 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras dos xogos, e actuar desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo, recoñecendo as actuacións dos compañeiros e dos rivais.	Participar nos xogos dacordo as normas e o xogo limpo.		
CA5.2 - Participar en actividades de carácter motor, desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva.	Participar en xogos e actividades cun comportamento axeitado para cos compañeiros/as.		
CA5.3 - Participar activamente en xogos motores e noutras manifestacións artístico-expresivas con arraigamento na cultura propia, tradicional ou actual, así como noutros procedentes de diversas culturas, recoñecendo e transmitindo o seu valor cultural e o seu potencial como espazo xerador de interaccións construtivas entre persoas con orixes diferentes e entendendo as vantaxes da súa conservación.	Participar en xogos e actividades con distinta orixe cultural valorando e respetando a diversidade		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.4 - Valorar o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente os estereotipos de xénero ou capacidade e os comportamentos sexistas que ás veces suceden no seu contexto, rexeitándoos e adoptando actitudes que eviten a súa reprodución no futuro.	Participar nos xogos ou tarefas sen importar con quen te toque ir no equipo.		
CA6.1 - Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria.	Desfrutar da práctica física sendo consciente dos seus beneficios e aumentar os desprazamentos activos.		
CA6.3 - Adaptar as accións motrices á incerteza propia do medio natural e urbano en contextos terrestres ou acuáticos de forma eficiente e segura, valorando as súas posibilidades para a práctica de actividade física e actuando desde unha perspectiva ecosostible da contorna e comunitaria.	Adaptar o desprazamento ao medio e circunstancias.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física:</li> <li>- Educación postural en accións motrices específicas.</li> <li>- Responsabilidade persoal no coidado do corpo.</li> <li>- Hábitos autónomos de hixiene corporal e postural en accións cotiás.</li> <li>- Toma de decisións:</li> <li>- Adecuación de accións para o axuste espazo-temporal na interacción cos compañeiros en situacións cooperativas.</li> <li>- Selección de zonas de envío do móbil desde onde sexa difícil devolvelo, en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil.</li> <li>- Elección adecuada das habilidades motrices en situacións de oposición de contacto.</li> <li>- Desmarque e localización nun lugar desde o que constitúa un apoio para os demais en situacións motrices de colaboración-oposición de persecución e de interacción cun móbil.</li> <li>- Esquema corporal:</li> <li>- Equilibrio estático e dinámico en situacións complexas ou superficies inestables.</li> <li>- Estruturación espacial, percepción de obxectos e de distancias, orientación, percepción e interceptación de traxectorias, agrupamento-dispersión e transposición.</li> <li>- Capacidades condicionais: capacidades físicas básicas e resultantes (coordinación, equilibrio e axilidade).</li> <li>- Creatividade motriz: Identificación de estímulos internos ou externos que esixan un reaxuste instantáneo da acción motriz.</li> <li>- Habilidades sociais: estratexias de traballo en equipo para a resolución construtiva de conflitos nas diversas situacións motrices.</li> <li>- Concepto de fairplay ou xogo limpo.</li> <li>- Achegas da cultura motriz á herdanza cultural. Os deportes e os xogos tradicionais populares e autóctonos como sinal de identidade cultural.</li> </ul>

### Contidos

- Coñecemento e execución de bailes e danzas populares de Galicia, de España e do mundo.
- Normas de uso: a educación viaria desde a actividade física e deportiva.
- Realización de actividades físicas no medio natural e urbano.
- Coidado e conservación da contorna durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.

UD	Título da UD	Duración
5	PATINAXE	22

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria.	Desfrutar práctica deportiva e aumentar os desprazamentos activos	TI	100
CA1.5 - Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa e facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices diversas transferibles ao seu espazo vivencial.	Controlar o corpo e as súas partes independentemente para resolver situacións motrices en xogos ou tarefas.		
CA1.6 - Convivir mostrando no contexto das prácticas motrices habilidades sociais, diálogo na resolución de conflitos e respecto ante a diversidade, xa sexa de xénero, afectivo-sexual, cultural, de orixe nacional, étnica, socioeconómica ou de competencia motriz, e mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos, ás actuacións discriminatorias e á violencia, con especial fincapé no fomento da igualdade de xénero.	Participar en xogos e actividades resolvendo de xeito pacífico e axeitado os posibles conflitos cos compañeiros/as.		
CA2.1 - Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria.	Desfrutar práctica deportiva e aumentar os desprazamentos activos		
CA2.5 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas.	Saber moverse e actuar/xogar en función do contexto e as acción dos compañeiros/as e rivais.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación.	Saber moverse e actuar/xogar en función do contexto e as acción dos compañeiros/as e rivais.		
CA4.2 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas.	Saber moverse e actuar/xogar en función do contexto e as acción dos compañeiros/as e rivais.		
CA4.3 - Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva.	Participar en xogos e actividades cun comportamento axeitado para cos compañeiros/as.		
CA4.4 - Respetar as normas consensuadas, así como as regras dos xogos, e actuar desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo, recoñecendo as actuacións dos compañeiros e dos rivais.	Participar nos xogos dacordo as normas e o xogo limpo.		
CA4.6 - Valorar o deporte como fenómeno cultural analizando criticamente os estereotipos de xénero ou capacidade e os comportamentos sexistas que ás veces suceden no seu contexto, rexeitándoos e adoptando actitudes que eviten a súa reprodución no futuro.	Participar nos xogos ou tarefas sen importar con quen te toque ir no equipo.		
CA5.2 - Participar en actividades de carácter motor, desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva.	Participar en xogos e actividades cun comportamento axeitado para cos compañeiros/as.		
CA5.5 - Reproducir e crear composicións con ou sen soporte musical e comunicar diferentes sensacións, emocións e ideas, de forma estética e creativa, desde o uso dos recursos rítmicos e expresivos da motricidade.	Facer e expoñer unha composición, con base musical, básica.		
CA6.1 - Recoñecer os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social da actividade física, como paso previo para a súa integración na vida diaria.	Desfrutar práctica deportiva e aumentar os desprazamentos activos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.2 - Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas.	Saber moverse e actuar/xogar en función do contexto e as accións dos compañeiros/as e rivais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saúde física:</li> <li>- Educación postural en accións motrices específicas.</li> <li>- Responsabilidade persoal no coidado do corpo.</li> <li>- Usos e finalidades: catárticos, lúdico-recreativos, competitivos e agonísticos.</li> <li>- Actitudes consumistas respecto do equipamento. Análise crítica da adquisición de material para a práctica físico-deportiva.</li> <li>- Utilización adecuada e coidado do material, espazos e instalacións na práctica da actividade física.</li> <li>- Hábitos autónomos de hixiene corporal e postural en accións cotiás.</li> <li>- Prevención de accidentes e lesións nas prácticas motrices: quecemento xeral, dosificación do esforzo e volta á calma. Importancia de respectar as normas de seguridade. Compromiso de responsabilidade cara á seguridade propia e á dos demais.</li> <li>- Toma de decisións:</li> <li>- Selección de accións en función da contorna en situacións motrices individuais.</li> <li>- Selección de zonas de envío do móbil desde onde sexa difícil devolvelo, en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil.</li> <li>- Desmarque e localización nun lugar desde o que constitúa un apoio para os demais en situacións motrices de colaboración-oposición de persecución e de interacción cun móbil.</li> <li>- Esquema corporal:</li> <li>- Equilibrio estático e dinámico en situacións complexas ou superficies inestables.</li> <li>- Estrutura espacial, percepción de obxectos e de distancias, orientación, percepción e interceptación de traxectorias, agrupamento-dispersión e transposición.</li> <li>- Capacidades condicionais: capacidades físicas básicas e resultantes (coordinación, equilibrio e axilidade).</li> <li>- Iniciación das habilidades motrices específicas asociadas á técnica en actividades físico-deportivas: aspectos principais.</li> <li>- Creatividade motriz: Identificación de estímulos internos ou externos que esixan un reaxuste instantáneo da acción motriz.</li> <li>- Concepto de fairplay ou xogo limpo.</li> <li>- Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices (discriminación por cuestións de xénero, de capacidade, de competencia motriz; actitudes xenófobas, racistas ou de índole sexista;</li> </ul>

## Contidos

- abuso sexual ou calquera forma de violencia).
- Usos comunicativos da corporalidade: comunicación de sensacións, sentimentos, emocións e ideas complexas.
- Transporte activo e sustentable: bicicletas, patíns, patinetes.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe

¿ A selección de contidos e metodoloxías activas contribuirán á adquisición das competencias clave, convertendo o xogo no elemento fundamental para a maioría das aprendizaxes, dado o carácter global e lúdico desta área ao longo de toda a etapa.

¿ Propoñer proxectos significativos para o alumnado utilizando metodoloxías non directivas (des-cubrimento guiado, resolución de problemas e libre exploración), o traballo cooperativo e os retos motrices e reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

¿ Uso de distintas metodoloxías que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, partindo das súas capacidades, valorando non só o resultado senón a progresión e o proceso da actividade motriz mesma e favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos.

¿ A progresión irá desde tarefas sinxelas cara ás de maior dificultade. Empregaranse estratexias que permitan integrar os elementos do currículo mediante o deseño de tarefas e actividades relacionadas, primeiro, coa resolución de problemas en contextos da vida real coñecidos e, pos-teriormente, coa resolución de problemas descoñecidos.

¿ As distintas situacións de aprendizaxe deben incorporar enfoques interdisciplinarios nos que se vinculen os contidos de Educación Física coas demais áreas da etapa a través de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, a adquisición dun estilo de vida activo e saudable e o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

Por outra banda, utilizarase o xogo como recurso metodolóxico en todas as sesións (como mínimo na animación e na volta á calma). A súa utilización é recomendable en Educación Primaria, debido a moitas das súas características: divertido, educativo, evasivo, motivante, libre, gratuito, ficticio, incerto, convencional, creativo, coeducativo, espontáneo, significativo, integral...

Respecto aos estilos de ensino, cabe destacar que ao longo das sesións utilizaranse os seguintes:

¿ Mando directo: Este estilo ten unha longa historia na Educación Física. Está baseado no estímulo-resposta. O alumno/a responde a uns estímulos, que poden ser dados en varias canles (auditivo, visual, táctil). As súas características básicas son a disciplina, as disposicións xeométricas e as respostas ao unísono. O docente establece os obxectivos, orde, cantidade de execución-actividade, calidade... e observa as accións do alumnado.

¿ Asignación de tarefas: O alumno/a actúa, realiza a tarefa, de acordo á súa propia vontade. O mestre/a ten un contacto máis directo coa clase. Facílanse as tarefas e non se obriga o alumnado. Unha vez explicado o que hai que facer, o alumno/a é independente á hora de elixir, finalizar a tarefa, número de repeticións ou tempo a dedicar.

Está considerado como un dos estilos que máis motiva, porque sempre se adapta aos diferentes niveis.

¿ Ensino recíproco: O alumno/a pasa a ser profesor/a. Realizarase en pequeno grupo ou en gran grupo. O alumno/a é observador e corrector. Aínda que o profesor/a decide as tarefas e exercicios que se van realizar, ademais do patrón de organización da clase, o neno/a pode traer o seu propio material á escola.

¿ Descubrimento guiado: Proponse unha tarefa para que o alumno/a descubra.

O profesor/a guía a consecución dos obxectivos, pero nunca dá a solución. O mestre/a dará pistas, e pasará á seguinte cando a resposta anterior sexa correcta. Se hai varias respostas posibles, darase un indicio para que o alumnado se decida por unha.

¿ Resolución de problemas: Formúlanse problemas nos que hai varias solucións; Trabállase, igual que no estilo anterior, a disonancia cognitiva. O grao de liberdade e participación individual é case completo. O alumno/a motívase polo descubrimento de "novas" solucións. Este estilo xera un máis alto nivel de resistencia na realización da tarefa que obedece a unha automotivación.

Algúns principios básicos que se terán en conta ao longo de todas as sesións son os seguintes:

- Progresión: Hai que seguir unha progresión de exercicios; é dicir, ir do doado ao difícil, do sinxelo ao complexo,

paulatinamente.

- Intensidade: Os estímulos dados serán o suficientemente intensos para que os exercicios sexan asimilados axeitadamente.
- Transferencia: Cando se efectúa un novo movemento, este debe basearse no patrón doutros movementos aprendidos anteriormente.
- Intereses: Os exercicios formulados aos alumnos/as deben estar de acordo cos intereses e necesidades destes, para lograr unha aprendizaxe significativa.
- Individualización: Hai que respectar as características morfolóxicas, fisiolóxicas e funcionais de cada neno/a. Cada un "é como é". De aí que á hora de avaliar se teña en conta a actitude e a aptitude.
- Participación: Non haberá aprendizaxe se o neno/a non participa activamente.

#### Xeneralidades metodolóxicas

- As actividades que formulemos terán en conta os intereses e necesidades dos alumnos/ás, para lograr unha aprendizaxe significativa (Ausubel) que é máis resistente ao esquecemento.
- Utilizaremos un enfoque globalizador xa que con este o alumnado establecerá relacións significativas entre o que xa sabe e as aprendizaxes novas e fomentárase a transferencia dos contidos en todo momento.
- Traballaremos interdisciplinarmente relacionando a área de Educación Física coas demais áreas por medio das distintas aprendizaxes.
- Buscarase modificar os esquemas de coñecemento que posúen os alumnos/ás. Segundo Vigotski, debemos partir da realidade e os coñecementos do alumno/a (zona de desenvolvemento próximo) e levala un pouco máis alá, modificándoa mediante a aprendizaxe de novos coñecementos (zona de desenvolvemento potencial).
- Tempos, actividades, material están adaptados ás características dos nenos: os tempos dalgunhas actividades estará reducidos a estas idades, pero nos niveis máis altos os xogos terán maior duración que nos anteriores, evitaremos tempos mortos, variedade de actividades para atender ás necesidades de todos os alumnos/ás e cun material non perigoso e á vez atraente para o alumnado como comentei con anterioridade.
- Crearase sempre un clima de atención dándose explicacións o máis claras, breves e concretas posibles cun vocabulario axeitado ao nivel dos nosos alumnos/ás.
- Os/ás alumnos/ás terán que asearse (por culpa da COVID só poderán secarse o suor cunha toalla) ao finalizar as sesións de Educación Física.

#### Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe

¿ A selección de contidos e metodoloxías activas contribuirán á adquisición das competencias clave, convertendo o xogo no elemento fundamental para a maioría das aprendizaxes, dado o carácter global e lúdico desta área ao longo de toda a etapa.

¿ Proponer proxectos significativos para o alumnado utilizando metodoloxías non directivas (des-cubrimento guiado, resolución de problemas e libre exploración), o traballo cooperativo e os retos motrices e reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

¿ Uso de distintas metodoloxías que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, partindo das súas capacidades, valorando non só o resultado senón a progresión e o proceso da actividade motriz mesma e favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos.

¿ A progresión irá desde tarefas sinxelas cara ás de maior dificultade. Empregaranse estratexias que permitan integrar os elementos do currículo mediante o deseño de tarefas e actividades relacionadas, primeiro, coa resolución de problemas en contextos da vida real coñecidos e, posteriormente, coa resolución de problemas descoñecidos.

¿ As distintas situacións de aprendizaxe deben incorporar enfoques interdisciplinarios nos que se vinculen os contidos de Educación Física coas demais áreas da etapa a través de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, a adquisición dun estilo de vida activo e saudable e o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
A) Convencional pequeno tamaño: aros, cordas, picas, conos, pelotas,
B) Convencional gran tamaño: porterías, canastras, bancos, colchonetas, pelotas xigantes, bloques de psicomotricidade,...

C) Non convencional: globos, toallas, sacos, teas, panos paracaídas, pelotas con axouxeres,...
D) Non convencional refutable: xornais, botellas, bolsas de plástico, botes suavizante, vasos iogur,...
E) Informático e audiovisual: proxector, encerado dixital, ordenador, altosfalantes, equipo de música,...
F) Instalacións: patio exterior, ximnasio, patio cuberto, pavillón, pista polideportiva,...

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Lagardera define a avaliación como un mecanismo de recollida de información que, unha vez valorada, serve para tomar determinadas decisións.

A avaliación debe ser entendida como unha práctica reflexiva que nos permita comprender mellor o que sucede no escenario educativo. Tamén nos permitirá investigar sobre a nosa propia práctica. Polo tanto, a avaliación débennos servir para acumular o maior número de información sobre un alumno e sobre todos os aspectos que determinan o proceso de aprendizaxe.

En Educación Física a avaliación posúe unha serie de peculiaridades que se deben ter en conta:

- O carácter lúdico que a actividade físico-deportiva posúe fai que os obxectivos que se platexen sexan de satisfacción persoal. Xerar actitudes positivas e duradeiras é unha meta a longo prazo, logo non debemos obsesionarnos con obxectivos inmediatos.
- A estreita relación entre motricidade e desenvolvemento evolutivo desvirtúa os éxitos conseguidos polo profesorado.
- As condicións en que se desenvolve a área: número de alumnos, tempo dispoñible, necesidade de instrumentos ou condicións específicas e a imposibilidade de avaliar de forma masiva poden restar eficacia á avaliación. Polo tanto é necesario abordar estas condicións con criterios realistas, debemos seleccionar instrumentos que pola súa economía, facilidade de aplicación, fluidez na organización e calidade da información recollida alteren menos o ritmo de clase.
- Ten que de compaxinar as apreciacións subxectivas coas obxectivas, tanto unhas como outras poden alterar a información. Os obxectivos actitudinais poden perderse na subxectividade e a práctica exclusiva de probas obxectivas reduce o progreso do alumno fronte á norma.
- A ausencia dun contido estable definido e uniforme fai que se imparta substancialmente de forma diferente segundo as circunstancias da contorna.

Hai tres momentos significativos no proceso avaliador dentro do desenvolvemento curricular que determinan as súas funcións específicas. Son a avaliación inicial-diagnóstica, a avaliación procesual-formativa; e a avaliación final sumativa.

A avaliación inicial serve para coñecer o nivel, non exacto, pero si unha aproximación, do grupo clase con respecto a algúns contidos. A través desta avaliación inicial en educación física, non se pretende coñecer todos os aspectos que se poidan avaliar na área (se fose así poderíamos estar todo o ano avaliando), senón só aqueles que sexan máis relevantes para o obxectivo educativo que cada un pretenda conseguir, e así poder realizarse unha idea rápida e global de onde pode partir.

Existe unha gran variabilidade de aspectos a avaliar en Educación Física e de distinta natureza (expresión corporal, habilidades motrices básicas, equilibrio, coordinación, capacidades física básicas, actividades no medio natural, xogos de cooperación-oposición, respecto que lle teñen ao material, a autonomía, etc.).

Podemos definir a avaliación inicial como aquela que nos permite diagnosticar ata onde pode chegar o proceso de ensino/aprendizaxe, como o punto de partida dos obxetivos propostos.

Na primeira sesión de cada unidade didáctica prestarase especial atención ao nivel de partida do alumnado en canto aos contidos de dita unidade (posibilidades, necesidades, intereses, etc). Suporá unha avaliación inicial que poderá

condicionar o grado de complexidade das actividades das seguintes sesións.

Tamén ao inicio do curso realizaremos unha avaliación inicial para coñecer o nivel de competencia motriz dos nosos alumnos/as. Esta primeira avaliación do curso que se levara a cabo durante as sesións do mes de setembro e que nos permitirá obter un diagnóstico inicial estará composta por:

- Ficha médica de cada alumno e alumna
- Circuitos e actividades que comprendan os seguintes contidos:
  - Estructuración espazo-temporal: Correr por unha sucesión de aros, desprazarse en función dun ritmo marcado.
  - Coordinación e equilibrio: Manter a posición sobre un só apoio un tempo determinado, alternar saltos sobre un banco (pernas abertas, pes xuntos), botar un balón.
  - Habilidades básicas: Lanzamento e recepción dun balón, salto en altura e lonxitud.
  - Habilidades xenéricas: conducción e botes cun balón nun recorrido establecido.
  - Capacidades físicas: Resistencia (5 min), Velocidade (30 m), axilidade (circuito), Forza tren inferior (salto horizontal), flexibilidade (flexión de tronco).
  - Expresión e comunicación corporal: Axustar movementos a un ritmo dado, xogos de mímica.

Estas tarefas e actividades poden ser rexistradas en video para unha posterior análise e valoración por parte do mestre, co obxectivo de ter un punto de partida co que comezar a traballar cos contidos. A diversidade é unha realidade facilmente observable, e a súa axeitada atención é un dos alicerces básicos no que se fundamenta o sistema educativo. Cada alumno e cada alumna teñen unha ampla gama de necesidades educativas, debidas á presenza de múltiples factores persoais e sociais (xénero, idade, etapa de desenvolvemento madurativo, motivación, intereses, estilos de aprendizaxe, expectativas, procedencia socioeconómica e cultural, orixe étnica, etc.), que deben ser satisfeitas.

En consecuencia, todo centro ten que estar en condicións de:

- 1.º Adaptarse ás características individuais e sociais de cada alumno ou alumna.
- 2.º Ofrecer unha cultura común, respectando as peculiaridades de cada cultura propia.
- 3.º Adoptar unha metodoloxía que favoreza a aprendizaxe de todo o alumnado na súa diversidade.
- 4.º Partir dunha avaliación inicial do alumnado en cada núcleo de aprendizaxe que permita detectar os seus coñecementos previos, para facilitar a significatividade dos novos contidos que se deben aprender.

Como consecuencia da obrigatoriedade do ensino, xorde a escola comprensiva, que ofrece un mesmo currículo básico para todos os alumnos e todas as alumnas minimizando as súas diferenzas a través do principio de igualdade de oportunidades, co fin de compensar así as desigualdades sociais. Ademais, expónse como proporcionar unha resposta educativa axeitada a un colectivo de estudantes con necesidades de formación moi diversas, escolarizados dentro dun mesmo centro educativo e cun currículo, en parte, común.

Esta proposta trata de promover a escola comprensiva mediante as seguintes estratexias:

- 1.ª Adoitar organizacións flexibles dentro do aula, con respecto cara aos principios básicos de organización e funcionamento dos grupos, practicando estratexias inter e intragrupoais, para potenciar o traballo con grupos heteroxéneos de alumnos e alumnas.
- 2.ª Realizar as adaptacións curriculares necesarias para asegurar que se poida manter unha escola na que teñan cabida todos, sexan cales sexan as súas necesidades educativas ou intereses persoais específicos.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>20</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	100	100	<b>100</b>

### Cráterios de cualificación:

Para determinar a nota do alumnado, débense establecer uns criterios de cualificación que se relacionen directamente cos criterios de avaliación. Estes criterios permitirán identificar se o alumnado progresa adecuadamente, é dicir, se desenvolven as capacidades de diferentes ámbitos ou se necesita mellorar nalgúns aspectos.

Todo alumnado ten dereito a unha avaliación o máis obxectiva posible e debe coñecer claramente o sistema de avaliación de forma que o/a alumno/a teña control sobre a aprendizaxe e a avaliación.

Débense variar os instrumentos de avaliación para obter información desde diferentes fontes, e desta forma orientar o proceso e realizar axustes sempre que sexa necesario.

A avaliación ideal debe estar centrada no alumnado. E isto significa que non vale a mesma avaliación para todos porque non todos aprenden da mesma forma. Algúns poden pensar que temos que facer unha avaliación para cada neno/a, pero se traballas por niveis poderemos identificar o nivel do alumnado e a partir de aí preparar a avaliación.

### COMO AVALIAR AO NOSO ALUMNADO?

A avaliación será Criterial, interpretando os resultados en función do alumno/a e avaliando o seu propio progreso, é dicir, o resultado obtido do individuo comparárase con outros resultados obtidos polo mesmo nas mesmas actividades ou probas.

Ao ser unha programación didáctica para 1º Ciclo empregaremos Instrumentos Cualitativos, sendo polo tanto unha avaliación baseada en técnicas de observación.

Rexistraremos diariamente o que acontece nas sesións, empregando diferentes Instrumentos de Avaliación:

- ESCALAS DE VALORACIÓN: cada U.D. inclúe a escala que se aplicará nela.
- REXISTRO ANECDÓTICO: reflectíranse acontecementos que sexan significativos a efectos de avaliación do alumnado, así como calquera feito ou incidencia da sesión que nos poida servir como autoavaliación.
- LISTAS DE CONTROL: consiste nunha serie de ítems referidos a características, accións e actividades, nas que se indicará simplemente se se realizan ou non.
- RÚBRICAS: instrumento de medición no que a través dos CA prescritos se establecen uns estándares por niveis, mediante a disposición de escalas, que permiten determinar a calidade da execución en tarefas específicas.
- COAVALIACIÓN: o alumnado será o responsable de avaliar aos seus compañeiros en aspectos e accións definidas polo docente.
- TEST MOTORES: miden as cualidades físicas básicas que posúe o alumnado para realizar unha actividade física.
- LUDOGRAMAS: permite observar e representar o rol dos xogadores; e contabilizar accións (por exemplo, o número de pases que fai).
- SOCIOGRAMA. permitíranos coñecer as relacións sociais que existen dentro dos membros do grupo.

### CANDO SE AVALÍA?

#### 1- AVALIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:

Avaliarase cada unha das Unidades Didácticas sobre 10, empregando diversos instrumentos de avaliación. Para isto, tomaremos de referencia os criterios de avaliación xunto cos seus mínimos de consecución establecidos para cada unha das UD do apartado 3.3. Avaliación das Unidades Didácticas desta programación.

#### 2- AVALIACIÓN DO TRIMESTRE:

Para avaliar cada trimestre teremos en conta as Unidades Didácticas levadas a cabo en cada un dos trimestres.

A nota do trimestre será o resultado da nota ponderada acadada polo alumno/a en cada UD, sempre tendo en conta a % de peso que ten esa UD no punto 3.1. Relación das Unidades Didácticas desta programación.

Curso 2023/2024:

1º TRIMESTRE (3 UD - 35%):

- UD. 1: 40% = equivalente a un 4 da nota 1º trimestre.
- UD. 2: 30% = equivalente a un 3 da nota 1º trimestre.
- UD. 3: 20% = equivalente a un 2 da nota 1º trimestre.

Nota do 1º trimestre (suma das UD da 1 á 3)= 10

2º TRIMESTRE (1 UD - 25%):

- UD. 4: 30% = equivalente a un 3 da nota 2º trimestre.
- UD. 5: 70% = equivalente a un 7 da nota 2º trimestre.

3º TRIMESTRE (4 UD - 35%):

- UD. 6 100%

Nota do 3º trimestre (suma das UD da 4 á 6)= 10

3. AVALIACIÓN FINAL DO CURSO (NOTA ORDINARIA) :

A nota da avaliación final ou ordinaria será o resultado da % de peso da UD marcada no apartado 3.1 Desenvolvemento das Ud. desta programación didáctica. Onde cada unha das Unidades Didácticas ten marcado a % de peso que supón o seu contido neste curso.

Baseándonos nisto as notas que o alumnado tivo en cada un dos trimestres suporán a seguinte porcentaxe da nota final.

Curso 2023/2024:

- 1º TRIMESTRE (3 UD): 35% equivalente a un 3,5 da nota final
- 2º TRIMESTRE (1 UD): 35 % equivalente a un 3,5 da nota final
- 3º TRIMESTRE (2 UD): 30 % equivalente a un 3 da nota final
- ORDINARIA (suma das 6 UD): 100% equivalente a 10.

### **Criterios de recuperación:**

Para o alumnado que non superen o grao de consecución mínima dos CA estableceremos as seguintes premisas:

- 1.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito progresivo quedarán superados cando na seguinte avaliación sexan acadados.
- 2.- Os criterios de avaliación plantexados de xeito non progresivo proporánselle actividades ao longo do curso nas distintas UD para que o alumnado supere ditos Criterios de Avaliación.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

A Atención á diversidade é o conxunto de respostas arbitradas polo sistema educativo para adaptarse ás características daqueles alumnos e alumnas que presentan necesidades no factor educativo, social e afectivo. Polo que nesta programación téñense en conta as características propias do grupo en relación á capacidade de aprender, ás motivacións, aos estilos de aprendizaxe e aos seus intereses particulares realizando unha avaliación inicial, así como a consulta dos informes de cursos anteriores. A maiores íranse introducindo os cambios e modificacións que se consideren oportunos para solucionar as dificultades que vaian xurdindo. A través da metodoloxía adaptaranse as actividades ás características individuais de cada alumno/a, empregaranse materiais didácticos non homoxéneos e traballarase mediante agrupamentos flexibles e distintos ritmos de aprendizaxe.

Por outra banda, podemos definir como alumnado con necesidade específica de apoio educativo (NEAE), atendendo á Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, de mellora da calidade educativa (LOMCE), aos alumnos e alumnas que



requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao noso sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

Prestarase especial atención a:

- Alumnos/as que presentan necesidades educativas especiais: Son os que requiren, por un período da súa escolarización ou ao longo dela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de minusvalía ou trastornos graves de conduta. Réxense polos principios de normalización e inclusión, asegurando a non discriminación e a igualdade.
- Alumnos/as con altas capacidades intelectuais: Serán obxecto dunha atención específica, adoptando as medidas necesarias para identificar e avaliar de forma temperá as súas necesidades.
- Alumnos/as con integración tardía no sistema educativo español: Favorecerase a súa incorporación ao sistema educativo, sendo especialmente indicada para isto a área de Educación Física.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X
ET.2 - Evitaranse os comportamentos e estereotipos e contidos sexistas		X	X		X
ET.3 - Educación emocional e en valores					X
ET.4 - Fomento da creatividade			X		X
ET.5 - Comunicación audiovisual			X		

### 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Piragüismo	Sesións no medio acuático coa colaboración do CND Miño			
Judo	Sesións de descubrimento-iniciación ao Judo			
Andainas	Saídas co alunado para realizar parte do percorrido inglés (Camiño de Santiago)			

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1A. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.

2A. Ofrecense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
3A. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
4A. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.
5A. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
6A. Combínase o traballo individual e en equipo.
7A. Poténcianse estratexias de animación á lectura.
8A. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino e aprendizaxe.
9A. Préstase atención aos elementos transversais
10A. Ofrecense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.
11A. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
12A. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.
13A. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.
14A. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.
15A. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.
16A. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e
1B. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
2B. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
3B. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
4B. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
5B. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
6B. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.
7B. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE
8B. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE
9B. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
10 B. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
11 B. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
12 B. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.

**Descrición:**

Os primeiros indicadores de logro, acompañados da letra "A", (do 1A ao 16A) serven para avaliar a miña práctica docente e os outros indicadores de logro, acompañados da letra "B", (do 1B ao 12B) son para avaliar o proceso de ensino levado ao cabo.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Ao longo da unidade, seremos conscientes das incidencias presentadas: se están claros o que se quere lograr, o enfoque metodolóxico é apropiado, as actividades atractivas... así como o xeito en que os alumnos/as responden ao traballo. Todo isto forma parte da avaliación continua, que tamén se identifica coa avaliación formativa, porque se entende que os resultados serven para realizar os axustes e correccións necesarias.

## **9. Outros apartados**